



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ, Secretario – interventor do Concello da Capela, Provincia da Coruña,

CERTIFICO:

Que o Concello Pleno en sesión ordinaria realizada en data trinta e un de agosto de dous mil dezasete adoptou entre outros o acordo que copiado literalmente dí:

“2. ADXUDICACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN VÍAS MUNICIPAIS OS CALZADOS – SAN BOULO”. POS+2017. APROBACIÓN ACORDO QUE ROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da Proposta da Alcaldía, que copiada literalmente dí:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

1º. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobou o día 08.06.2017 en sesión extraordinaria o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia Municipal (Plan único de Concellos) POS +2017 na que se atopa incluída a seguinte obra:

Código obra	Denominación	Orzamento
17.3110.0142.0	Pav. Vías Municipais	
	Os Calzados- San Boulo	102.415,92€

2º. O Concello licitou a mencionada obra polo sistema de procedemento aberto cun único criterio de valoración, factor prezo e tramitación urxente, mediante anuncios publicados no BOP número 132 de data 13.07.2017, así como no Perfil do contratante do Concello e xornal “La Voz de Galicia” da mesma data.

3º. No prazo establecido ao efecto presentaron proposicións as seguintes empresas:



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

- Movemento de Aridos y Construcciones Arosa, S.L.
- Francisco Gómez y Cia, S.L.
- Desmaco S.L.U.
- Villasuso Ortegale, S.L.
- Obras y Viales Cerne, S.L.
- Excavaciones y Obras Melchor, S.L.
- Construcciones Leonardo Miguelez, S.L.
- Gestal y López, S.L.
- Excavaciones Saavedra y López, S.L.
- Obras y Saneamientos Galicia, S.L.
- José No Mantiñán e Hijos, Construcciones, S.A.
- Lancer Proyectos y Obras, S.A.
- Canarga, S.L.
- José Manuel Piñeiro López, S.L.

4º. A Mesa de Contratación permanente do Concello celebrou reunión o día 2 de agosto de 2017 para a apertura dos sobres A) Documentación e C) Oferta económica.

5º Como resultado do anterior solicitouse na mesma data xustificación por incorrer en baixa temeraria á seguinte empresa:

Lancer Proyectos y Obras, S.A. (oferta 65.310,63€ IVE engadido).

6º. Á vista da documentación presentada pola empresa e tendo en conta o informe dos Servizos Técnicos Municipais que considera non xustificada a baixa temeraria, a Mesa de contratación realizada o día 17 de agosto de 2017 acordou propoñer ao órgano de contratación competente (Pleno do Concello) a adxudicación da obra de referencia á proposición presentada pola empresa Construcciones Leonardo Miguelez, S.L. polo prezo de 67.061,83€, IVE engadido, ao ser a oferta máis vantaxosa economicamente e non estar incurso en baixa temeraria.

E tendo en conta os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Disposición Adicional 2ª do RDL 3/2011 do 14 de novembro (TRLCSP)
Bases de execución do orzamento Municipal para o exercicio 2017

Visto o anterior propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

1º. Adxudicar a contratación da obra denominada “Pavimentación vías municipais Os Calzados- San Boulo”, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia Municipal (Plan único de Concellos) POS +2017 á proposición presentada pola empresa Construcciones Leonardo Miguelez, S.L, polo prezo de 67.061,83€ IVE engadido ao ser a oferta máis vantaxosa economicamente e non estar incurso en baixa temeraria.

2º. Delegar expresamente no Sr. Alcalde-Presidente como representante legal do Concello para a sinatura do correspondente contrato administrativo de execución de obra.

3º. Notificar o presente acordo ás empresas que concorreron á licitación e contratación da obra de referencia.

4º. Nomear Director de obra e coordinador de seguridade e saúde ao Arquitecto Municipal, D. Marcos Ferreño Suárez.”

E para que conste e aos efectos de engadir ao expediente expido a presente de orde e co Visto e Prace, do Sr. Alcalde-Presidente, na Capela a trinta e un de agosto de dous mil dezasete.

O Secretario

Vº e Prace,

O Alcalde